

PROGRAMACIÓN 2022-2023
Departamento de Debuxo- EPVA
Artes Plásticas

ÍNDICE

Xustificación da programación

Contexto 2022-2023

ESO

Obxectivos Xerais

Contribución da Materia ao Logro das Competencias Clave

Perfil Competencial da materia

Criterios de Avaliación en Relación ás Competencias

Instrumentos de Avaliación

Procedementos de Avaliación

Criterios de Cualificación

Procedementos para a Realización da Avaliación Inicial

Plans Seguimento para a Superación de Materias Pendentes

Programas Específicos Personalizados para o Alumnado Repetidor

Metodoloxía Didáctica

Propostas Metodolóxicas Concretas

Material e Recursos Didácticos

Medidas de Atención á Diversidade

Programación de Educación en Valores

2º Ciclo : Educación Plástica, Visual e Audiovisual

4ºESO

Obxectivos Específicos por Curso

Contidos

Criterios de avaliación.....

Contidos Mínimos Esixibles.....

Temporalización.....

Criterios de Cualificación.....

BACHARELATO

Introdución e Contextualización.....

Criterios de Avaliación.....

Instrumentos de Avaliación.....

Procedementos de Avaliación.....

Criterios de Cualificación.....

Procedementos para Acreditar os Coñecementos Previos.....

Metodoloxía Didáctica Xeral

Propostas Metodolóxicas Concretas

Medidas de Atención á Diversidade.....

Actividades de Seguimento das Materias Pendentes.....

Programación de Educación en Valores.....

Materiais e Recursos Didácticos.....

Obxectivos.....

DEBUXO TÉCNICO I e II

Introdución e Contextualización.....

Obxectivos Xerais.....

Metodoloxía Didáctica

DEBUXO TÉCNICO II

Obxectivos

Contidos.

Criterios de Avaliación
Contidos Mínimos
Temporalización
Instrumentos e Procedementos de Avaliación
Criterios Específicos de Cualificación
Metodoloxía Didáctica Específica

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE E A PROPIA
PROGRAMACIÓN

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) forma parte da ensino básico, polo que ten carácter gratuito e obrigatorio. Organízase en catro cursos, que as/os alumnas/os estudan dos doce aos dezaseis anos e comprende dous ciclos: o primeiro de tres cursos escolares (1º, 2º e 3º curso) e o segundo, dun (4º curso). Aínda que nesta materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, o primeiro ciclo só ten dous cursos, 1º e 3º. O último curso do primeiro ciclo, 3º, e máis o curso do segundo ciclo, 4º, teñen carácter optativo.

A Lei Orgánica 8/2013 do 9 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), modifica o artigo 6 da Lei Orgánica 2/ 2006, do 3 de Maio (LOE) e define o currículo que está integrado, deste modo, polos obxectivos, as competencias, os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de cualificación e a metodoloxía didáctica.

O Real Decreto 1105/2014, do 26 de Decembro establece o currículo básico da ESO e do Bacharelato. O currículo básico das diferentes materias deseñouse partindo dos obxectivos propios da etapa e das competencias que se van a desenvolver ó longo da mesma, mediante bloques de contidos nas materias troncais e criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en todas as materias, sendo referentes na planificación desta programación didáctica.

Esta agrupación non implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características do grupo de alumnas e alumnos, respondendo así ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión que otorga a LOE, na actualidade modificada pola LOMCE.

Dacordo coa distribución de competencias entre o Estado español, a Comunidade Autónoma de Galicia e o centro de estudos IES Pedro Floriani, os contidos do currículo deste departamento ordénanse en tres tipos diferentes de materias que se agrupan especificamente en tres bloques:

- Específicas: Educación Plástica, Visual e Audiovisual (4ºESO), Debuxo Técnico II

4

Outras referencias básicas dentro do marco legislativo:

- Orden ECD/65/2015 do 21 de Xaneiro, relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na ESO e Bacharelato (BOE 29/01/2015).
- Real Decreto 132/2010 do 12 de Febreiro, requisitos mínimos dos centros que imparten Ensino Secundario (BOE 29/ 01/ 2015)

CONTEXTUALIZACIÓN : CARACTERÍSTICAS DO CENTRO 2022-2023

O Instituto de Educación Secundaria IES Pedro Floriani Redondela (Pontevedra) empezou a súa andaina no curso 1983/84 e nesa ocasión tiña a denominación de *Instituto de Formación Profesional de Redondela* ubicado en plena marisma choqueira, ata que o 25 de setembro de 1998 pasou a denominarse **IES Pedro Floriani** en memoria do enxeñeiro turinés que construíu o viaduto da nosa vila.

Neste curso 2022/2023 ten unha nova distribución de aulas e grupos por mor das ensinanzas de bacharelato de artes. Para o noso departamento o uso da aula específica, neste curso é unha excelente novidade. Aínda que debemos recordar que non todas as materias poden impartirse na aula específica.

No curso de 4º ESO a materia presentase como optativa o grupo é reducido e o alumnado adoita a ter unha predisposición moi boa o traballo dentro e fora da aula. Por norma xeral debuxan ou pintan no seu tempo libre e

o nivel de traballo e medio alto. Recordar que co novo calendario da LOMLOE faranse traballos de ampliación e recuperación se fora preciso no curso de 4º ESO.

No curso de segundo de debuxo técnico o alumnado é traballador e exemplar, esperamos ter un curso cheo de actividades de aprendizaxe e autorealización.

Membros do Departamento

Inés Barros Fortes profesora e xefa do departamento
Marta Lopez Lopez profesora

Grupos

2º BAC- Debuxo Técnico II	programación LOMCE
1º BAC- Debuxo Técnico I	PROENS
1º BAC-Debuxo Artístico	PROENS
1º BAC- Proxectos Artísticos	PROENS
1º Bac- Volumen	PROENS
1º ESO- EPVA (2 grupos)	PROENS
3º ESO- EPVA (2 grupos)+sección bilingüe	PROENS
4º ESO- EPVA	programación LOMCE

ESO Introducción e contextualización

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes. Estas son facilmente transmisibles e chegan a toda a cidadanía a través dos mass-media, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da mesma sociedade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Na primeira etapa da ESO(cursos 1º e 3º) esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En 4º da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

O segundo ciclo ou último curso desta etapa da Educación Secundaria Obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.

Obxectivos Xerais

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenrolar nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais

- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Aprecia-la como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.

- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura, apreciando o patrimonio cultural e artístico contribuindo á súa conservación e mellora.

- Ser sensibles ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.

- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en se mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

-Asumir responsablemente os seus deberes, coñocer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

-Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

- Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais exeitadas.

- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

- Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.

- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

- Analizar visual e gráficamente das referencias do natural e imaxes, distinguindo as súas tipoloxías.

Contribución da materia ao Logro das Competencias Clave

Unha posible definición de competencia clave podería ser a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai mais alá do *saber* e do *saber facer*, incluíndo o *saber ser* ou *estar*.

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

- Competencia Conciencia e Expresións Culturais(CCEC) : Ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e da utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. Aprender a mirar, ver, observar e percibir. Ser capaz de expresarse a través da imaxe. Experimentar e investigar con diversidade de técnicas. Apreciar e valorar os valores estéticos e culturais das producións artísticas.
- Competencia Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor(CSIEE) : Desenvolver estratexias de planificación, previsión de recursos, anticipación e avaliación de resultados. Aprender a tomar decisións de xeito autónomo.

- Competencia Sociais e Cívicas(CSC) : Traballar con ferramentas propias da linguaxe visual que induzcan ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas. Formular experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.
- Competencia Matemática e Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT) : Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica. Afondar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade mediante a Xeometría e a representación obxectiva das formas.
- Competencia Aprender a Aprender(CAA): Adoitarse reflexionar sobre os procesos. Utilizar recursos tecnolóxicos específicos . Recoñecer a importancia da imaxe como soporte da información.
- Competencia Dixital e Tratamento da Información(CD): Utilizar recursos tecnolóxicos específicos. Ser capaz de buscar, obter e procesar información na rede e transformala en coñecemento.
- Competencia Comunicación Lingüística(CCL) : Saber expresarse na nova linguaxe plástica diante dun grupo, os/as seus/súas compañeiros/as, adoitando explicar os traballos feitos por el/ela dun xeito habitual.

Nos recadros dos niveis 1º e 3º da ESO deste Primer Ciclo que aparecen máis adiante, sinálanse as distintas **competencias clave en relación aos criterios de avaliación**, contidos, obxectivos, así como aos estándares de aprendizaxe . As de 4º da ESO, móstranse dentro do apartado do Segundo Ciclo.

PERFIL COMPETENCIAL NA MATERIA PLÁSTICA ,VISUAL E AUDIOVISUAL

4ºESO

Faise constar a salvedade de a non constancia das competencias lingüística (CCL) e social e cívica (CSC) vinculadas a ningún estándar de aprendizaxe referidas a este curso no currículo do Decreto 86/2015.

Criterios de Avaliación en Relación ás Competencias Básicas

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da ESO será continua, formativa e integradora. Continua porque se realiza durante todo o proceso didáctico, formativa porque é tendente á consecución dos obxectivos da etapa, e integradora porque aúna distintos campos de coñecemento segundo o grao de cumprimento das competencias básicas. Polo tanto, esta programación fai referir os criterios de avaliación en relación ás competencias clave, segundo consta nos recadros do Primeiro e Segundo Ciclo para 1º, 3º e 4º ESO.

Instrumentos de Avaliación

A avaliación é unha parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe, que se desenvolve de xeito continuo e diferenciado para cada un/ha dos/as alumnos/as. O seguemento que se faga a través do devandito proceso traducirase, ademais, en orientación, apoio e estímulo para o alumnado. Os instrumentos utilizados serán obxectivos e medibles segundo unha valoración cuantitativa e cualitativa.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a concíbese e practícase do seguinte xeito:

- Individualizada: centrándose no caso concreto de cada alumno/a.
- Integradora: para o que contempla a posibilidade da existencia de diferentes grupos e situación e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación seleccionados.
- Cualitativa: na medida na que se aprecian todos os aspectos e non soamente os de carácter cognoscitivo.
- Orientadora: pola información que proporciona ao/á alumno/a para mellorar o seu proceso de aprendizaxe
- Contínua: xa que acompaña o proceso de aprendizaxe en todas as súas fases, para o que se contemplan catro modalidades:
 - Avaliación inicial: proporciona datos do punto de partida de cada alumno/a, sendo unha primeira fonte de información sobre coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.
 - Avaliación formativa: confire unha visión das dificultades e progresos de cada caso ao longo da evolución do proceso de aprendizaxe.
 - Avaliación sumativa: establece os resultados ao término do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución de obxectivos.
 - Autoavaliación: contéplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación que impliquen aos/ás alumnos/as no proceso.

No caso de sufrir un novo confinamento os criterios de avaliación serían empregandoa aula virtual o calificación das láminas.

Procedementos de Avaliación

Empregaranse os seguintes procedementos de avaliación:

- 1- Observación sistemática: consistente no proceso de explicacións orais das propias realizacións de producións plásticas, as actitudes na interrelación cos outros (respecto ao silencio necesario debido aos/ás compañeiros/as nas súas exposicións orais así como ao docente), a adquisición de hábitos (coidado do material propio e alleo, respecto da datas de entrega).

- 2- Seguemento dos traballos individuais ou colectivos realizados na clase polo/a alumno/a, pulcritude na presentación, a utilización de elementos que configuran a linguaxe visual ou dispor diariamente dos materiais relacionados coa técnica a tratar no momento.
- 3- Diálogo do profesor/a-alumnado: a fin de indagar sobre calquera problema que se presente na realización das actividades, tanto na comprensión dos conceptos ou na utilización das técnicas gráfico-plásticas, así como para detectar calquera problema entre eles/as que poida causar ser de atención do Departamento de Atención Educativa.
- 4- Probas obxectivas específicas: preténdese que axuden a valorar a adquisición de certos contidos despois de haber traballado neles durante o curso. Estas probas realizaranse a partir dunha serie de contidos que se consideran necesarios para que poidan interpretar a nova información.
- 5- Autoavaliación: ten un primordial significado educativo, tanto por parte do docente como por parte do discente. A autoavaliación permítenos saber onde estamos e o que se conseguiu. O feito de que o alumnado reflexione sobre o seu traballo reforza a súa capacidade crítica e fomenta que se involucre no seu proceso educativo.

Criterion de Cualificación

A **ponderación** para a cualificación final segundo os instrumentos e procedementos será a que se relata a continuación:

-Traballos na aula(realiza as actividades encomendadas; presenta os traballos nos prazos sinalados; executa os traballos con precisión, orde e limpeza).....**70% da nota.**

-Probas e Controis(asimila aqueles contidos que se consideran necesarios para interpretar; realiza a proba cuidando a presentación con limpeza, orde, precisión e claridade na exposición dos conceptos ou na resolución de exercicios relacionados cos coñecementos adquiridos).....**30% da nota.**

Para ter unha cualificación positiva, require obter un 50% en cada unha das partes mencionadas no apartado anterior. Os traballos faránse na aula en horario escolar, excepcionalmente, o/a profesor/a poderá facer algún encargo para casa. Polo tanto, para superar cada avaliación, será necesario entregar todos os traballos dentro do prazo concertado.

A nota media dos traballos será a media ponderada dando mais valor a evolución e buscando unha melloría constante nos traballos. .

A cualificación final de xuño farase coa nota de avaliación continua das tres avaliacións, tendo en conta o esforzo de superación no caso de que se observase un incremento ascendente nelas.

O proceso de avaliación, dado su carácter orientador pola información que en cada momento do proceso proporciona ao/á alumno/a para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, axuda a este para que poida corrixir os seus posibles erros. Deste xeito, valorárase a actitude autocrítica e o esforzo de superación.

A **convocatoria extraordinaria de Setembro** para aqueles/as alumnos/as que non lograran superar a ordinaria, consistirá nuha proba específica que terá como referencia o Perfil Competencial do curso, e será cualificada tendo en conta os criterios de avaliación relacionados con este e co grao de adquisición de competencias básicas. No momento da proba, o/a alumno/a deberá vir provisto/a de todas aqueles traballos que non realizara durante o curso e repetir aqueles que non fixera correctamente, segundo o criterio de seu profesor/a. Os criterios de cualificación serán dun **100%** para a proba obxectiva.

Procedementos para a Realización da Avaliación Inicial

Co fin de recabar información obxectiva do alumnado na materia a tratar e, deste xeito, poder adaptar os contidos estándares de aprendizaxe do curso iniciado, cada profesor levará a cabo unhas probas baseadas nos coñecementos teóricos de anos anteriores así como dalgún exercicio práctico onde os/as alumnos/as poidan plasmar na linguaxe visual os conceptos e estándares de aprendizaxe asimilados por eles/as nos cursos precedentes.

Plans de Seguimento do Alumnado con Materias Pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá ser informado polo/a profesor/a-titor/a do curso da reunión co docente encargado de impartir a materia e, en su defecto, co/a Xefe de Departamento. Na devandita reunión, informarase do número e do tipo de traballos que os/as alumnos/as terán que realizar, así como das datas dos parciais das probas obxectivas.

Os traballos deberán ser entregados o día das probas obxectivas ao docente encargado de asistilas, para ser avaliados máis tarde sendo valorados en conxunto coas probas específicas. As probas específicas parciais realizaranse en Xaneiro e Abril, como fixa a normativa, e unha Proba

Final - se houbera necesidade - en Xuño, ademáis da de Setembro. Co fin de obter un mellor seguimento do/a alumno/a, valorarase o traballo feito por avaliación.

En **Setembro**, o alumnado deberá realizar aqueles traballos que non entregara ou o fixera de modo incorrecto e asistirá a unha proba obxectiva que terá como referencia o Perfil Competencial do curso, e será cualificada tendo en conta os criterios de avaliación relacionados con este e co grao de adquisición de competencias básicas

Procedemento para a Cualificación das Materias Pendentes ou da

Nota final do curso se hai alumnado asistente a Programas de

Reforzo con Atribución Horaria

Co fin de acadar unha maior perspectiva no momento da cualificación das materias pendentes, e tomando en consideración os criterios de cualificación, así como os estándares de aprendizaxe e o grao de cumprimento das competencias clave indicado no Perfil Competencial do curso, determínanse os seguintes procedementos:

- Traballos propostos para a súa realización na casa.....**70% da nota**
- Probas específicas(dous) cos mínimos esixibles..... **30% da nota**

Na avaliación de **extraordinaria**, os traballos propostos serán 100%

Programas Específicos Personalizados para o Alumnado Repetidor

O alumnado repetidor poderá seguir un programa específico coa finalidade de acadar un grao de coñecemento e habilidades necesarias dentro dos estándares de aprendizaxe básicos.

A superación dos problemas e erros detectados na Avaliación Inicial do curso, así como os extraídos da observación sistemática diaria, lograranse a través dunhas actividades de reforzo así como dun seguimento personalizado do/a alumno/a. Asemesmo, durante as clases prestaráselles unha atención máis individualizada ante calquera problema ou dúbida que a estes/as alumnos/as poideran presentárselles.

Metodoloxía Didáctica

Na materia que nos ocupa nesta etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, partírase metodoloxicamente dende dous puntos de vista. Por un lado, certos estándares de aprendizaxe iniciaránse dende una perspectiva empírica, sendo os propios alumnos/as os/as que cheguen as conclusións que recompilará o/a profesor/a nunha ulterior clase teórica na que caberá a posibilidade de observación doutras obras de artistas ou doutros compañeiros de cursos precedentes.

Doutro xeito, outros contidos convendrán iniciarse dende unha exposición teórica impartida polo docente na que utilizarase as TICs e onde o alumnado, nunha fase sinalada polo/a profesor/a, poderá comentar as súas dúbidas así como facer cuestións que se resolverán entre todos, compañeiros/as e profesor/a, na "ronda de intervencións". Tamén o docente, co fin de fomentar o debate participativo e o intercambio de opinións realizará algunha pregunta ao alumnado sobre o exposto. Os traballos cooperativos e en grupos levaranse a cabo en cada avaliación

Os traballos propostos realizaranse na aula co fin de propiciar a observación sistemática individualizada e a actitude do alumnado ante o traballo e ante os demais. Permitirase, nesta fase, a comunicación entre eles posto que o carácter da materia o implica, facilitando así a Competencia Social e Cidadá .

En xeral, non admitiranse traballos feitos fora da aula, salvo os propostos como traballos de ampliación ou reforzo. Excepcionalmente este criterio pódese flexibilizar, si se estima convinte, nos casos de falta de asistencia por motivos xustificadas.

De calquer modo, a metodoloxía contará coas estratexias e accións coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro das competencias correspondentes aos estándares de aprendizaxe.

Propostas Metodolóxicas Concretas

- Preparar a comezos de cada curso, clases teórico-prácticas do coñecemento dos instrumentos, materiais e técnicas básicos que se vaian utilizar durante todo o ano.
- Utilizar medios audiovisuais que faciliten a comprensión dos contidos. En temas de marcado carácter conceptual como (Percepción e Comunicación) resulta imprescindible motivar aos discentes con estes medios, para provocar a ulterior análise e o diálogo en grupo.
- Axeitar as actividades ás circunstancias específicas do alumnado: nivel de destrezas (idade, esquemas e habilidades previas), nivel adquisitivo (condicións persoais, da barriada, a cidade), anhelos individuais ou colectivos, contorno artístico cultural, etc.
- Favorecer a creatividade e a expresión persoal, partindo de formulación comúns para todos os/as alumnos/as. É importante a experimentación, xa sexa encauzada ou intuitiva.
- Ilustrar as actividades con exemplos da arte, a artesanía ou deseño, de distintas culturas e épocas, evocando especialmente a galega.
- Realizar visitas a museos, monumentos e conxuntos históricos.
- Utilizar a rúa como elemento motivador para a obra plástica, saíndo en horas de clase a realizar apuntamentos ou bosquejos do natural. En unidades temáticas concretas, como é o caso da fotografía, os alumnos e alumnas terán que dedicar horas non lectivas a realizar as tomas que sexan necesarias en lugares diversos.
- Promover o traballo en grupos, permitindo un enriquecemento mutuo e fomentando a cooperación e a desinhibición.

Material e Recursos Didácticos

Nesta área os moventos de operatividade e produción son fundamentais no proceso de aprendizaxe, tanto dende o punto de vista da motivación coma da reflexión conceptual.

Para depositar os materiais e garantir a súa organización convén dispoñer dunha aula específica con armarios, estanterías, pileta, grandes cubos para o lixo, pantalla de proxección, canón e ordenador, etc.,. Tamén hai que ter en conta o material didáctico non funxible necesario para a práctica da materia: mesas de debuxo, banquetas, taboleiro de debuxo, modelos en escaiola, paneis de cortiza para a exposición de traballos e así poder comentalos tanto por parte do docente como do/a propio/a alumno/a.

A incorporación das novas tecnoloxías e, na súa aplicación á competencia dixital, poñen de manifesto a necesidade ineludible de recurrir a utilización das TICs como ferramenta indispensable en todas as materias no actual ensino e, particularmente na materia que nos ocupa. A totalidade das aulas contan con canón e con un ordenador.

Asemesmo, algunhas aulas asignadas ao departamento contan cunha biblioteca específica crecente, onde a consulta de libros é algo habitual.

O alumnado deberá vir provisto do material necesario para realizar as actividades: plantillas, regla milimetrada, goma, distintos lápices, rotuladores, material para a cor (lápices de cores, témperas, ceras graxas,...) etc.

Medidas de Atención á Diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria é individualizada e ao mesmo tempo integradora polo que o docente debe, en su observación sistemática diaria así como grazas a Avaliación Inicial, recoñecer aos/as alumnos/as que presenten algún dos seguintes criterios:

- Non seguir o ritmo de traballo da clase
- Carecer da motivación propia necesaria e interese.

- Non acadar o grao de coñecemento, ben por carecer del ao inicio do curso, ben debido aos anteriores criterios,
- Presentar aptitudes moi superiores a media polo que rematan os traballos antes do tempo asignado.

Tendo en conta os devanditos criterios, pódense facer agrupamentos flexibles que axuden á adaptación dos/as alumnos/as detectados/as.

As estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:

- 1) Reforzo mediante exercicios que se adecúen ao nivel do grupo.
- 2) Reforzo explicativo na clase.
- 3) Atención fora da hora lectiva ordinaria, na hora de atención ao alumnado
- 4) Incentivar o interese con exercicios que supoñan un reto.

Para aqueles/as alumnos/as con dificultades (psíquica ou motora) se articularán as medidas necesarias pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dun especialista e manterase contacto co Departamento de Orientación Pedagóxica para facer un mellor seguimento.

Algúns contidos da programación terán carácter cíclico, é dicir, que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisados e ampliados nos cursos superiores.

Programación da Educación en Valores

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Os contidos tratados nesta materia, a través do coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, fomentan o respecto á diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social. Este achegamento á arte como patrimonio universal, favorece a convivencia pacífica dos pobos.

EDUCACIÓN CÍVICA E MORAL

A realización de actividades en grupo contribúe a desenvolver a propia disposición á solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas, sendo un dos eixos metodolóxicos e organizativos do traballo da aula.

EDUCACIÓN NON SEXISTA

Fomentase no alumnado o interese pola análise crítica daqueles contidos que denotan discriminación por sexos na linguaxe a través da imaxe, así como dos estereotipos que de forma inconsciente reflicten nos seus traballos, co fin de levar a cabo unha progresiva transformación de actitudes.

Nas actividades de grupo faise necesario propiciar o intercambio de papeis entre alumnos e alumnas. Contribuirase así, a partir da propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas. Tamén é de consideración a participación dende hai anos no Día Contra a Violencia de Xénero con murais expostos nos corredores do Centro.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O concepto moderno de saúde atende non só a ausencia de enfermidade senón a existencia dun estado de benestar xeral: físico, psíquico e social. Sábese por outra parte que na infancia, a adolescencia e a primeira mocidade, é cando se modelan os hábitos de vida, saudables ou danosos. Iso fai de esta etapa un período formativo especialmente importante para potenciar os estilos de vida saudables. Preténdese, por medio destes contidos, desenvolver estratexias para favorecer o autocoidado físico e psicolóxico e o amor propio na liña xa fundamentada de afondar nos procesos xerais de autonomía na formación integral.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Foméntase nos/as alumnos/as pautas de actuación e comportamento dirixidas ao respecto ao medio ambiente, atendendo a criterios de harmonía, estéticos, de protección e conservación do medio.

Tamén preténdese que haxa unha comunicación dos/as alumnos/as co ambiente a través da linguaxe plástica, como a intervención do contorno do Centro comunicando o islote co xardín circundante mediante unha ponte de madeira, nun proxecto ideado dende o principio polo alumnado.

EDUCACIÓN VIAL

As estatísticas nacionais e europeas informan de que moitas das vítimas de accidentes relacionados co tráfico corresponde coa franxa de idade desta etapa. Este feito xustifica a presenza da educación vial no currículo. Devandita formación debe abarcar, entre moitos outros aspectos educativos, a axeitada forma de conducirse tanto de maneira peonil como nos posibles medios de locomoción permitidos á súa idade, nos niveis máis concretos da vida veciñal e doméstica e da cidade.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

A educación pasa, sobre todo nesta etapa tan vulnerable, pola formación do cidadá como parte integrante da sociedade de consumo. Polo tanto, débese formar ao alumnado como consumidores responsables e informados, con clara conciencia de seus dereitos de consumidor.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

4º ESO

Obxectivos Específicos por curso :

1. Coñecer e interpretar criticamente os distintos tipos de formas e imaxes que se producen na actualidade, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais.
2. Coñecer e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente o seu respecto, conservación e mellora, con especial incidencia nas obras artísticas.
3. Expresarse con actitude creativa utilizando correctamente os códigos, terminoloxía e procedementos da linguaxe visual e plástica.
4. Coñecer e comprender as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, elixindo a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
5. Respetar e coñecer outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos modos dominantes do contorno superando estereotipos e convencionalismos e elaborar xuízos e criterios persoais que permitan actuar con autonomía.
6. Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexuízos e rexeitando discriminacións debidas a características persoais ou sociais.
7. Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas, superar inhibicións e apreciar a súa contribución ao equilibrio e benestar persoal.
8. Apreciar, analizar e coñecer as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con distintas técnicas plásticas e visuais valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.
9. Planificar, individual ou colectivamente, as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos que se pretenden conseguir e revisar, ao rematar, cada unha das fases.
10. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
11. Establecer unha actitude positiva ante novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.
12. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.

Contidos

Os contidos conceptuales, nunha etapa como esta que aúna e integra coñecementos e obxectivos, implicará a su vez, relacionar as habilidades e as actitudes persoais adquiridas, é dicir, os

estándares de aprendizaxe. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes- contidos- como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do *saber* e do *saber facer*, incluíndo o *saber ser* ou *estar*. Polo tanto, esta programación considera imprescindible - desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos- mostrar estes criterios dun xeito global co fin de poñer en práctica de forma integrada e en contextos e formulacións diversas o proceso educativo. Os contidos de 4º da ESO móstranse nos recadros seguintes, máis adiante indicados.

Criterios de Avaliación

Estes criterios amósanse nos recadros seguintes:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
Bloque 1. Expresión plástica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2. Leis da composición. ▪ 1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. ▪ 1.4. Cor como ferramenta simbólica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 15

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
<p>diversos materiais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. ▪ 1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. 	<p>autoavaliación continua do proceso de realización.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 15
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). ▪ 1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. ▪ 1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. ▪ 1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10 ▪ 10
Bloque 2. Debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. ▪ 2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. ▪ 2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10 ▪ 15

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
<div data-bbox="124 315 408 741"> <p>división da circunferencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> 2.3. Tanxencias e enlaces. 2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. </div>		<div data-bbox="922 315 1267 353"> <p>materiais de debuxo técnico.</p> </div>		
		<div data-bbox="922 383 1267 501"> <ul style="list-style-type: none"> 2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. </div>	<div data-bbox="1278 383 1406 465"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 383 1485 421"> <ul style="list-style-type: none"> 15 </div>
		<div data-bbox="922 517 1267 703"> <ul style="list-style-type: none"> 2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais. </div>	<div data-bbox="1278 517 1406 600"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 517 1485 555"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>
<div data-bbox="124 770 408 1928"> <ul style="list-style-type: none"> 2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. 2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. 2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. 2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. 2.9. Perspectiva cónica central. 2.10. Perspectiva cónica oblicua. 2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista </div>	<div data-bbox="443 770 887 981"> <ul style="list-style-type: none"> 2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. </div>	<div data-bbox="922 770 1267 875"> <ul style="list-style-type: none"> 2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. </div>	<div data-bbox="1278 770 1406 853"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 770 1485 808"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>
		<div data-bbox="922 904 1267 1048"> <ul style="list-style-type: none"> 2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. </div>	<div data-bbox="1278 904 1406 987"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 904 1485 943"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>
		<div data-bbox="922 1077 1267 1263"> <ul style="list-style-type: none"> 2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. </div>	<div data-bbox="1278 1077 1406 1160"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 1077 1485 1115"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>
		<div data-bbox="922 1292 1267 1435"> <ul style="list-style-type: none"> 2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. </div>	<div data-bbox="1278 1292 1406 1375"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 1292 1485 1330"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>
<div data-bbox="124 2002 408 2190"> <ul style="list-style-type: none"> 2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais </div>	<div data-bbox="443 2002 887 2152"> <ul style="list-style-type: none"> 2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. </div>	<div data-bbox="922 2002 1267 2190"> <ul style="list-style-type: none"> 2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. </div>	<div data-bbox="1278 2002 1406 2085"> <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT </div>	<div data-bbox="1433 2002 1485 2040"> <ul style="list-style-type: none"> 10 </div>

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
sinxelas.				
Bloque 3. Fundamentos do deseño				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). ▪ 3.2. Fases do proceso de deseño. ▪ 3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. ▪ 3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. ▪ 3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. ▪ 3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ 3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. ▪ 3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
		a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.		
		<ul style="list-style-type: none"> 3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
<ul style="list-style-type: none"> 4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. 4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
		<ul style="list-style-type: none"> 4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> 10
<ul style="list-style-type: none"> 4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. 4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. 4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> 4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
		<ul style="list-style-type: none"> 4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
		<ul style="list-style-type: none"> 4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
<ul style="list-style-type: none"> 4.6. Creación dixital de imaxes. 4.7. Deseño dun proxecto publicitario. 4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
		<ul style="list-style-type: none"> 4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 5
		<ul style="list-style-type: none"> 4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 10

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Peso %
▪ 4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	▪ 4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	▪ 4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	▪ 5

Contidos Mínimos Esixibles

Dende o carácter propedéutico do 4º curso, os contidos mínimos organízanse da seguinte maneira:

Bloque1. Expresión plástica:

- A linguaxe plástica e visual (elementos) na creación artística .
- Leis da composición
- A cor (dimensións, temperatura, interacción, modulación, como representación do espazo tridimensional, simboloxía)
- Técnicas de expresión gráfico-plásticas: materiais, soportes e técnicas.
- Proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e autoavaliación
- Análise de obras de arte ubicándoas na época, técnica e estilo

Bloque 2 – Debuxo artístico

Esbozo a man alzada .

Bloque 3 - Fundamentos do Deseño

- Análise da estética e funcionalidade do Deseño
- Campos de aplicación do Deseño
- Fases do proceso de Deseño: secuenciación e elaboración de proxectos.
- Composicións modulares con trazados xeométricos
- Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño...

Bloque 4 - Linguaxe audiovisual e multimedia

- A linguaxe audiovisual e multimedia: elementos da estrutura narrativa e expresiva

- Análise de tipos de planos cinematográficos, angulacións e movementos de cámara
- Fotografía : criterios estéticos e función das imaxes fotoxornalísticas
- Análise crítica da linguaxe publicitaria.

Temporalización

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual neste segundo ciclo que comprende un curso escolar, 4ºESO, divídese conceptualmente en catro bloques: Expresión Plástica, Debuxo Técnico, Fundamentos do Deseño e Linguaxe Audiovisual e Multimedia.

A materia distribuirase dacordo ao seguinte esquema:

1ª Avaliación.....Expresión Plástica

2ª Avaliación.....Debuxo artístico

3ª Avaliación.....Fundamentos do Deseño e Linguaxe Audiovisual e Multimedia.

Sen embargo, debido ás características propias da materia e as de o grupo, moitas veces intercalaranse os contidos, deixando baixo a responsabilidade e ao xuízo do/a profesor/a o orde da materia, informando del máis tarde nas reunións do Departamento.

Instrumentos e procedementos de Avaliación

Os instrumentos e procedementos de avaliación pódense atopar no apartado xeral da ESO como

Instrumentos de Avaliación e Procedementos de Avaliación (consultar índice).

Criterios de Cualificación

Estes criterios aparecen no apartado xeral da ESO como *Criterios de Cualificació*

DEUXO TÉCNICO I e II

Introdución e Contextualización

Entre as finalidades de *Debuxo Técnico* figura de xeito específico dotar ao alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto. Os aspectos visuais das ideas e das formas servirán para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, utilizarase como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcense gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e Debuxo Técnico", "Sistemas de Representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da

etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

O anterior curso, coa entrada en vigor da LOMCE para os segundo curso, introduciuse un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), no espazo de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Obxectivos Xerais

- Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
- Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e limpeza e o coidado do soporte.
- Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
- Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
- Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
- Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
- Conseguir a destreza e a rapidez necesaria ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera *construción* xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
- Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

Metodoloxía Didáctica

Os principios metodolóxicos dos cales partimos son os que están reflexados no currículo de etapa de Bacharelato e deben dar resposta a como facilitar o traballo autónomo dos/as alumnos/as, a como estimular as capacidades para o traballo en grupo, a como potenciar as técnicas de investigación, a como aplicar os contidos disciplinares a situacións propias da vida real y a como introducir contidos transversais.

A formulación da programación do curso baséase no desenvolvemento dos contidos de forma lineal, partindo de construcións sinxelas para chegar a outras máis complexas, e a súa posterior aplicación, obtendo de forma razoada as solucións gráficas correspondentes.

A partir da exposición dos contidos, apoiándose en medios como o canón proxector para os power-points, os/as alumnos/as resolverán os exercicios e problemas propostos, coa maior exactitude, fomentando o traballo autónomo do/a alumno/a, propoñendo casos similares aos realizados, para potenciar a investigación e o razoamento. Para iso aplicaranse métodos de análise e síntese partindo do problema resolto. Os contidos están distribuídos en tres bloques: Xeometría Métrica, Xeometría Descritiva e Normalización.

Comezarase polo desenvolvemento da xeometría plana posto que o alumnado coñecen os conceptos básicos e co fin de exercitarse no uso dos instrumentos de debuxo.

Quincenalmente intentarase dedicar unha hora, na aula de informática, a desenvolver algúns dos contidos da materia utilizando como ferramenta un programa de deseño asistido por ordenador como o *Autocad*, servindo ao mesmo tempo aos/as alumnos/as como estímulo e complemento na súa formación.

Paralelamente realizaranse outras actividades de aplicación práctica dos contidos aprendidos, referidas ao campo do deseño (industrial, gráfico...), onde se aplicarán as técnicas gráficas correspondentes. Para iso as unidades didácticas referentes a Sistemas de Representación, Normalización e o Esbozo desenvolveranse ao longo de todo o curso, realizando distintas láminas e exercicios onde variará o grao de dificultade.

DEBUXO TÉCNICO II

Obxectivos

Os obxectivos de segundo curso coinciden cos *Obxectivos Xerais de Debuxo Técnico I e II*, desta materia, ampliando ademais aos que seguen a continuación:

- ☐ Desenvolver as capacidades que permitan resolver as formulacións gráficas.
- ☐ Coñecer os fundamentos do Debuxo Técnico para utilizalos na lectura de deseños e de produtos artísticos e elaborar solucións razoadas ante problemas xeométricos no campo da técnica e a arte.
- ☐ A Normalización como código de comunicación universal.
- ☐ Coñecer e respectar as normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.
- ☐ Realización de debuxos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais da forma, orientación, proporción, detalles, medida, situación espacial, etc.
- ☐ Uso e destreza do material técnico para a realización e presentación do traballo final no Debuxo Técnico.
- ☐ Acadar un coñecemento básico da representación tridimensional dende os aspectos de representación diédrica, ata os conceptos axonométricos e cónicos.

- ☐ Uso das novas tecnoloxías na concepción e realización do mesmo.
- ☐ Acadar unha estratexia que permita superar as ABAU.

Contidos

Os contidos da materia de Debuxo Técnico II aparecen máis abaixo, en relación aos Estándares de aprendizaxe e os Criterios de cualificación.

Criterios de Avaliación (ver no seguinte recadro)

Debuxo Técnico II 2º de bacharelato

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1. Resolución de problemas xeométricos. ▪ 1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. ▪ 1.3. Construción de figuras planas equivalentes. ▪ 1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. ▪ 1.5. Aplicacións. ▪ 1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. ▪ 1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC CT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determinar lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Transformar por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE E 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Seleccionar estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
		<ul style="list-style-type: none"> 1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMC CT 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
<ul style="list-style-type: none"> 1.8. Trazado de curvas cónicas e técnicas. 1.9. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. 1.10. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes. 1.11. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> Comprender a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describir as súas propiedades. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
		<ul style="list-style-type: none"> 1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
		<ul style="list-style-type: none"> 1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIE E 	<ul style="list-style-type: none"> Trazar curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
<ul style="list-style-type: none"> 1.12. Transformacións xeométricas. Aplicacións. 1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.. 1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> Comprender as características das transformacións homolóxicas, identificar os seus invariantes xeométricos e describir as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
		<ul style="list-style-type: none"> 1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIE E 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicar a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> 10
		<ul style="list-style-type: none"> 1.3.3. Deseña a partir dun 	<ul style="list-style-type: none"> CMC 	<ul style="list-style-type: none"> Deseñar a partir dun 	<ul style="list-style-type: none"> 20

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
<ul style="list-style-type: none"> 1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas. 		bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CT	bosquexo previo ou reproducir á escala conveniente figuras planas complexas.	
Bloque 2. Sistemas de representación					
<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico. 2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade. 2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas. 2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico. 2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. 2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións. 2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións. 2.8. Afinidade entre proxeccións. 2.9. Problema inverso ao abatemento. 2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico. 2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares. 2.12. Determinación das súas seccións principais. 2.13. Representación de prismas e pirámides. 	<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> 2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Comprender os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico. 	5
		<ul style="list-style-type: none"> 2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	CSIE E	<ul style="list-style-type: none"> Representar figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección. 	5
		<ul style="list-style-type: none"> 2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. 	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Determinar a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico. 	5
		<ul style="list-style-type: none"> 2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións 	CSIE	<ul style="list-style-type: none"> Representar o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións 	5

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
		diédricas, determinando partes vistas e ocultas.		diédricas.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas. ▪ 2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos. ▪ 2.16. Interseccións. ▪ 2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. ▪ 2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. ▪ 2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. ▪ 2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC CT ▪ CAA ▪ CMC CT ▪ CMC CT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representar cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano. ▪ Determinar a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas. ▪ Achar a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva. ▪ Desenvolver superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10 ▪ 10 ▪ 10²⁹ ▪ 10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.18. Sistemas axonométricos ortogonais. ▪ 2.19. Posición do triedro fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC CT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema. ▪ 2.21. Determinación de coeficientes de redución. ▪ 2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes. ▪ 2.23. Representación de figuras planas. ▪ 2.24. Representación simplificada da circunferencia. ▪ 2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións. 	<p>conos, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.</p>	<p>determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.</p> <p>▪ 2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.</p> <p>▪ 2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.</p>	<p>▪ CCE C</p> <p>▪ CMC CT</p>	<p>fundamental.</p> <p>▪ Debuxar axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais.</p> <p>▪ Determinar a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.</p>	<p>▪ 10</p> <p>▪ 20</p>
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1. Elaboración de bosquejos, esbozos e planos. ▪ 3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual. ▪ 3.3. Proxecto: tipos e elementos. ▪ 3.4. Planificación de proxectos. ▪ 3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas. ▪ 3.6. Elaboración das primeiras ideas. ▪ 3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción. 	<p>▪ 3.1. Elaborar bosquejos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con</p>	<p>▪ 3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.</p> <p>▪ 3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.</p> <p>▪ 3.1.3. Debuxa bosquejos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</p> <p>▪ 3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos</p>	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CMC CT</p> <p>▪ CCE C</p> <p>▪ CCE C</p>	<p>▪ Elaborar e participar activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica.</p> <p>▪ Identificar formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.</p> <p>▪ Debuxar bosquejos a man alzada e esbozos cotados.</p> <p>▪ Elaborar esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos</p>	<p>▪ 10</p> <p>▪ 10</p> <p>▪ 10</p> <p>▪ 10</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.8. Presentación de proxectos. ▪ 3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo. ▪ 3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas. ▪ 3.11. Elaboración de debuxos cotados. ▪ 3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos. 	responsabilidade.	arquitectónicos, dispendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.		arquitectónicos, dispendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos. ▪ 3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas. ▪ 3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas. ▪ 3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista. ▪ 3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. ▪ 3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. ▪ 3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CD ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico. ▪ Representar obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D. ▪ Representar obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10 ▪ 10 ▪ 20

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos	Peso %
		encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.			
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentar os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20

Contidos Mínimos

- Lugares xeométricos: mediatriz, bisectriz, arco capaz.
- Tipos de ángulos
- Rectificación da circunferencia: cuadrante, semicircunferencia, circunferencia
- Teorema de Thales e as súas aplicacións.
- Media proporcional: Teorema do triángulo rectángulo.
- Equivalencias.
- Potencia. Centro e eixo radical.
- Construcción de triángulos : puntos e liñas notables.
- Construcións de cuadriláteros.
- División da circunferencia, construcións dos polígonos regulares resultantes. Construcións de polígonos regulares.
 - Homoloxía, afinidade, polaridade e inversión
- Tanxencias: casos, enlaces e arcos constructivos
- Curvas técnicas: óvalo e ovoide e espiral
- Curvas cónicas: elipse, hipérbola, parábola.
- Fundamentos do Sistema Diédrico
- Punto, recta e plano: posicións.
- Verdadeiras dimensións. Distancias, xiros, cambios de plano e abatements.
- Poliedros: representación, verdadeiras dimensións.
- Prismas, conos, cilindros e esferas: desenvolvemento
- Sistema Axonométrico oblícuo: perspectiva cabaleira
- Sistema Axonométrico ortogonal: perspectiva isométrica.
- Sistema Acotado
 - Sistema Cónico
 - Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.
- Identificación das fases dun proxecto
- Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.

Temporalización

1ª Avaliación.....bloque 1

2ª Avaliación.....bloque 2

3ª Avaliación.....bloque3

Criteria Específicos de Cualificación

Os criterios de cualificación de Debuxo Técnico II atenderán a seguinte ponderación :

- Probas obxectivas..... **100% da nota**

Metodoloxía Didáctica Específica

O procedemento a seguir no segundo curso será o indicado no apartado de

Metodoloxía Didáctica incluído no *Debuxo Técnico I e II* .

Accións de Contribución ao Proxecto Lector

O Departamento de Debuxo contribuirá co Proxecto Lector en moitas das actividades que se farán o longo do curso, estimulando ós alumnos á lectura de determinadas obras para logo utilizalas para os traballos da aula, como por exemplo, na materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica na elección de textos para o tema da ilustración.

Accións de Contribución ao Plan TIC

Durante todo o curso empregaremos a aula virtual e a internet como unha fonte de coñecemento e de desenvolvemento do currículo. E na medida do posible manexaremos algún software de CAD.

Accións de Contribución ao Plan de Convivencia

O Departamento de Debuxo colaborará dunha maneira estreita co Departamento de Convivencia dende o primeiro momento que perciba algunha situación anómala na actitude ou comportamento entre os/as alumnos/as. Do mesmo modo, colaborará co Plan de Convivencia establecido no Centro. Doutra xeito, contribúese fomentando un bo ambiente de traballo dentro e fóra da aula, procurando a integración de todo o alumnado, a través da resolución de conflitos, ou usando a arte como reflexo da diversidade do planeta e as súas culturas.

Actividades Extraescolares e Complementarias

Consideramos estas actividades como situacións de risco e de moi difícil desenvolvemento o longo de este curso. E mentres esté en vixencia o protocolo COVID, non faremos excursións.

Procedementos para Avaliar a Práctica Docente e a Propia Programación

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado do departamento avaliará a súa práctica docente do seguinte modo:

. *Grao de cumprimento dos obxectivos formulados na programación.*

Para iso realízase un estudo entre todos os membros do departamento de Debuxo dos obxectivos formulados, da forma de desenvolvemento na clase, da interrelación obxectivo-actividade-solución-resultado, como foron encaixados e solucionados polos/as alumnos/as, se foron adecuados ao grupo do ano en curso e se foi necesario cambios no seu desenvolvemento e procedemento. Así mesmo terase en conta os estándares de aprendizaxe.

. *Adecuación da distribución temporal dos contidos.*

Para iso realízase un estudo entre todos os membros do departamento, dos contidos desenvolvidos, se se conseguiu desenvolverlos todos, se houbo que realizar cambios ou supresións nos contidos e se os contidos tiveron que ser reducidos ou redistribuídos.

. *Valoración de materiais e recursos.*

Realízase un balance sobre o grao de satisfacción do material e recursos dos alumnos. Tamén

observaremos se a non consecución de obxectivos débese á imposibilidade de utilización de recurso e materiais (por falta ou deterioración etc.) por parte do alumnado e do profesorado.

. *Resultados do alumnado*

Observaremos o grao de aprendizaxe en atención aos resultados académicos nas diferentes avaliacións.

. *Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado.*

Neste apartado pretendemos observar, con pequenas pero claras enquisas o grao de satisfacción, tanto entre o alumnado da materia e o grupo, entre profesor/a e alumno/a e entre alumno/a e profesor/a, atendendo á disciplina necesaria desde o respecto ao outro, hábitos de estudo, relación, metodoloxía e aprendizaxe.

EXEMPLO DE CUESTIONARIO DIRIXIDO AO ALUMNADO (este cuestionario está orientado a coñecer cal é o grao de satisfacción do alumnado coa atención que recibe).

PREGUNTAS:

1ª.- Estou satisfeito coa forma en que me enséñan.....	1 2 3 4
2ª. -Recibo orientación sobre como estudar a materia.....	1 2 3 4
3ª. -O/a profesor/a comenta cos/as alumnos/as os seus progresos e dificultades durante o proceso de avaliación continua.....	1 2 3 4
4ª.- O/a profesor/a informa aos seus alumnos/as dos criterios de avaliación que utiliza.....	1 2 3 4
5ª. -O/a profesor/a valora o esforzo realizado polo alumnado.....	1 2 3 4
6ª. -O /a profesor/a contesta e explica axeitadamente as dúbidas que lle formulan o alumnado.....	1 2 3 4
7ª. -Hai unha comunicación doada entre o/a profesor/a e o alumnado.....	1 2 3 4
8ª. -Existe bo ambiente de traballo na clase.....	1 2 3 4
9ª. -A atención dos/as alumnos/as ás explicacións do/a profesor/a é adecuada.....	1 2 3 4
10ª. -Realízanse con certa frecuencia actividades de grupo.....	1 2 3 4
11ª. -Ademais do ensino habitual da materia, o/a profesor/a preocúpase por fomentar a educación en valores.....	1 2 3 4 34

OBSERVACIÓNS : 1. -*En desacordo* 2. -*Pouco de acordo* 3. -*De acordo* 4. -*Totalmente de acordo.*

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avalíaranse os seguintes indicadores:

- . Desenvolvemento en clase da programación.
- . Adecuación de estándares coas necesidades reais para facer uso deles.
- . Adecuación de medios e metodoloxía

A Memoria Anual do Departamento, servirá de control e de guía para facer modificación nos próximos cursos. As propostas de posibles solucións aos problemas ou carencias antes descritas cara o vindeiro curso, así como o afianzamento das actuacións con resultados positivos todo dentro do Plan de Mellora

Conformidade coa presente programación asinando máis abaixo:

Inés Barros Fortes

Marta Lopez Lopez

Redondela a 20 de setembro 2022

